

ACTA MESA CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CATRO CARROZAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A CABALGATA DE REIS 2019. (EXP. REF 2018-105).

Sendo as 12:45 horas do día 13 de decembro de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por don X. Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación e actuando como vocais:

- don María Ferro García, Vicesecretaria do Excmo. Concello,
- don Francisco Rivera, pola Intervención municipal.
- don Carlos Álvarez Llamas
- E actuando como secretaria dona Ana Tabares Martínez, Técnica do Servizo de Contratación.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria da Mesa a dar lectura ó informe da Sección de cultura do 11 de decembro do 2018, do teor literal seguinte:

“Informe da sección de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Asunto: Informe ao Departamento de Contratación, relativo ao aluguer de catro carrozas para a Cabalgata de Reis, o día 5 de xaneiro de 2019, durante as Festas do Nadal 2018-19.

Á vista do informe solicitado polo Departamento de Contratación, tras a apertura do sobre B (proposta técnica) o día 10 de decembro, o único licitador para a contratación da subministración de catro carrozas en réxime de aluguer para a Cabalgata de Reis 2019. Exp.Ref. 2018-105.

Por esta Sección infórmase, unha vez examinado o dosier, xunto co Enxeñeiro Tco. Industrial municipal Efrén Pereira Alvarez, (responsable da vixilancia das prescricións técnicas e contractuais deste prego), do único licitador presentado, que é IÑAKI BECERRA S.L., en función dos criterios avaliados mediante xuízo de valor do punto 12.2. do Prego das Prescricións Técnicas, valorado ata un total de 35 puntos distribuídos como segue e que se definen a continuación:

- *Melloras das prestacións (10 puntos).*

Neste apartado valoraranse as melloras na prestación do servizo. As melloras que se oferten, no seu caso, deberán estar directamente relacionadas co obxecto do contrato e orientadas a garantir unha mellor calidade na súa prestación. Deberán ir acompañadas da correspondente valoración económica e dunha xustificación técnica que acredite a efectiva mellora. Poderán consistir no subministro de medios non previstos no prego ou con calidades superiores ou calquera outra medida de carácter voluntario que mellore as prestacións do servizo.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: ACTA MESA CONTRATACION APERTURA SOBRE B, OFERTA ECONOMICA

Asunto: ACTA APERTURA SOBRE B

Non se valorarán aquelas melloras que estean incluídas como requisitos mínimos obrigatorios, sexan incompatibles coas condicións técnicas obrigatorias ou aquelas que non estea plenamente acreditada a contribución de xeito significativo na mellora das prestacións do servizo ou da seguridade.

- *Valoración das condicións estéticas (25 puntos).*

Neste apartado valoraranse a creatividade, calidade e a coherencia do conxunto, atendendo a criterios tales como os seguintes.

- *Complexidade, entendida como a riqueza de motivos dos deseño. (5 puntos)*
- *Innovación e efectos, co emprego de materiais e elementos de iluminación de última xeración, así como a incorporación de calquera novidade que realce o produto. Efectos tales como programacións dinámicas de acendido/apagado na iluminación, cambio de cor, elementos simulando movemento, así como o engadido de calquera elemento que enriqueza o produto final. (5 puntos)*
- *Orixinalidade, como trazo e características dun deseño que permite diferencialo respecto aos restantes. (5 puntos)*
- *Variedade, definida polos deseños diferentes de cada unha das catro carrozas, respectando en todo caso unha necesaria coherencia do conxunto. (5 puntos)*
- *Representatividade, definida como a adecuación e correspondencia dos motivos ornamentais volumétricos coa celebración e festa infantil na que se enmarcan. (5 puntos)*

En base ás definicións anteriores e tendo como referente o dosier de deseño procedeuse á valoración de cada un dos seguintes apartados:

12.2.1. Melloras das prestacións:

Neste apartado valóranse as melloras efectuadas na prestación do servizo. As melloras que se ofertan, que deben estar directamente relacionadas co obxecto do contrato e orientadas a garantir unha mellor calidade na súa prestación veñen acompañadas da correspondente valoración económica e dunha xustificación técnica que acredite a efectiva mellora. Poden consistir no subministro de medios non previstos no prego ou con calidades superiores ou calquera outra medida de carácter voluntario que mellore as prestacións do servizo. No caso concreto que nos ocupa Lñaki Becerra S.L. ofrece as seguintes melloras:

- *Tres tronos reais para a recepción que os reis magos ofrecen aos nenos e nenas de Lugo despois da Cabalgata de Reis.*
- *Seis traxes infantís para paxes femininas que acompañan na cuarta carroza aos Reis Magos na cabalgata.*

As melloras anteriormente citadas teñen unha valoración económica de 1.710 euros e desglosadas da seguinte maneira por aluguer de cada unidade:

- *Trono (390 euros).*
- *Traxe (90 euros).*

Estas melloras non están incluídas como requisitos mínimos obrigatorios, non son incompatibles coas condicións técnicas obrigatorias, e contribúen de xeito significativo na mellora das prestacións do servizo. Outórgaselle neste apartado 10 puntos.

12.2.2. Condicións estéticas:

2

1º. *Complexidade:* Neste caso, basta observar os deseños propostos para as carrozas, para constatar unha abundante ornamentación, por tal motivo outórganselle 5 puntos.

2º. *Innovación e efectos:* Neste apartado a oferta soamente expón de forma somera unha iluminación básica de luces leds e mangueiras de cor, o que presupón unha baixa riqueza de efectos e de iluminación. Outórgaselle neste apartado 2 puntos sobre 5.

3º. *Orixinalidade:* Os deseños destacan en xeral por unha orixinalidade marcada en personaxes de animación infantil. Outórgaselle neste apartado 3 puntos sobre 5.

4º. *Variedade:* As carrozas reais, sendo totalmente diferentes entre si, fan un conxunto cunha liña de deseño coherente como un todo, baseada en personaxes de Disney (a do rei Gaspar baseada en Dumbo e as outras dúas na película de debuxos animados *El Libro de la Selva* de 1967). Outórgaselle neste apartado 4 puntos sobre 5.

5º. *Representatividade:* A carroza dos paxes, engalanada de lambetadas e doces multicolores, está perfectamente ornamentada cunha festa na que se reparten caramelos. Polo que respecta ás carrozas reais, cunha liña de deseño baseada en personaxes de Disney, se ben se afastan do tradicional ornato destas festas, non deixan de ser coherentes cunha celebración de marcado carácter infantil. Outórgaselle neste apartado 3 puntos sobre 5.

Todo o anterior se resume e se desglosa no cadro seguinte:

Concepto	Melloras das prestacións	Compl exi- dade	Innovaci ón	Orixinali- dade	Varieda de	Repres en- tatividade	TOTAL
Puntos posibles	10	5	5	5	5	5	45
Puntos outorgados	7	5	2	3	4	3	24

TOTAL= 24 puntos.”

Seguidamente procedese a apertura do sobre B (oferta económica), da única empresa presentada, IÑAKI BECERRA S.L. que oferta a cantidade de 26.087,60 euros, IVE INCLUÍDO.

A Mesa de Contratación a vista do informe da sección de cultura e da oferta presentada acorda propoñer a adxudicación do contrato de SUBMINISTRACIÓN DE CATRO CARROZAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A CABALGATA DE REIS 2019, a empresa IÑAKI BECERRA S.L, por un importe de 26.087,60 euros e requirir a empresa para que presente no prazo máximo de **7 días hábiles** dende o envío deste requerimento no Rexistro Xeral do Concello (dirixido ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento) a seguinte documentación:



CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: ACTA MESA CONTRATACION APERTURA SOBRE B, OFERTA ECONOMICA

Asunto: ACTA APERTURA SOBRE B

1º.- Constitución e presentación dunha garantía definitiva por importe de 1.078 euros.

* Para proceder ó pagamento deste importe realizaráse ingreso ou transferencia bancaria nas entidades financieras e contas que a continuación se relacionan indicando claramente o concepto (Garantía Definitiva) e o nome do procedemento de contratación e obxecto do contrato.

- . Novagalicia Banco: ES59 2080 0101 56 3110000947
- . BBVA: ES78 0182-6219-51-0010165210
- . LA CAIXA-CAIXABANK: ES08 2100-5850-07-0200014045
- . BANCO SABADELL : ES35 0081-2141- 6600-0102-4611

Un xustificante desta transferencia ou ingreso deberá presentarse xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

No caso de que a garantía definitiva se presente aval ou seguro de caución, o orixinal destes documentos presentárase igualmente xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

2º.- Relacionar a documentación necesaria para adxudicar o contrato:

- alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato e ao corrente no seu pagamento, se fose o caso.

Coa presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social tendo en conta a data de validez dos correspondentes certificados que consten nos ditos rexistros

- Certificación positiva da Axencia Estatal da Administración Tributaria
- Certificación positiva da Seguridade Social

- Solvencia economica e técnica, que se xustificara de acordo co establecido na clausula sexta do prego de de clausulas administrativas particulares.

O que se lle notifica o licitador con indicación de que contra estes acordos da Mesa de Contratación poderán interpoñer os seguintes recursos.

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13.15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE,

A SECRETARIA,

Asdo.: Xosé M.Cao Rei.

Asdo.: Ana Tabares Martinez.